

# CALL FOR PAPERS

*Galicia 21. Journal of Contemporary Galician Studies*

<http://www.galicia21journal.org/>

## Special Issue: “Transnational Encounters: Crossing Borders in Galician Translation and Interpreting Studies”

### GUEST EDITORS:

**Olga Castro**, Aston University, Birmingham, UK

**Laura Linares**, Coláiste na hOllscoile Corcaigh/University College Cork, Eire/Ireland

### RATIONALE:

*Galicia 21: Journal of Contemporary Galician Studies* (ISSN 2040-7181) is a peer-reviewed online journal that seeks to provide a critical forum for the discipline of Galician Studies on an international level by publishing innovative theoretical and critical work of the highest quality. The journal promotes the study of so far understudied areas within the discipline, such as Galician visual and digital culture, film, media, popular culture, cultural theory and history, while it encourages the incorporation of critical and theoretical explorations of key concepts for Galician culture such as nation, identity, power, gender and space.

The power of translation and interpreting as mediating forces in transnational encounters in an increasingly interconnected world has received scholarly attention in recent years. In the context of peripheral and minorised languages and cultures, scholars have highlighted their potential as a space for cross-cultural dialogue (Even-Zohar 1990, Cronin 1995) as well as their role in re-defining static and homogenising ideas of cultural unities and national borders (Gentzler 2008). At the same time, recent trends in Galician Studies have focused on negotiations of the local and the global and the re-mapping of Galicia in the world (Hooper 2011, Romero 2011, Colmeiro 2017). Focusing on the Galician context, the forthcoming special issue of *Galicia21*, tentatively entitled “**Transnational Encounters: Crossing Borders in Galician Translation and Interpreting Studies**” seeks to contribute to current debates on translation and interpreting by exploring the ways in which translation enables contemporary Galician culture to cross national boundaries and re-define its position in today’s globalised world.

We invite contributions that encourage interdisciplinary discussions between scholars and open avenues of dialogue around topics related to the impact of translation and interpreting in cultural representation across borders, its role in the redefinition of national and post-national identities and its contribution to the establishment of new understandings of contemporary Galicia in relation to the world. We welcome proposals that focus on the relationship between Galician and both hegemonic or peripheral languages, as well as examples of underexplored areas and topics in Galician Translation and Interpreting Studies (GTIS).

Suggested topics may include, but are not limited to:

- Power relations between translations in the Galician space
- Power relations in interpreting settings in the Galician space
- The translation book market and reception in Galicia
- Self-translation and identity in Galicia/n
- The translation and interpreting industry in Galicia
- Translation/Interpreting and social/linguistic justice
- Ideology, hegemony and resistance in GTIS
- Identity and (in)visibility in GTIS
- Postcolonial and post-national approaches to GTIS
- Feminist and queer approaches to GTIS
- Translation and eco-criticism in GTIS
- Migration and borders in GTIS
- New media in GTIS
- Language and cultural planning in GTIS
- Language politics: diglossia, bilingualism, multilingualism in GTIS

### **SUBMITTING A PROPOSAL:**

All potential contributors are requested to send in a detailed summary of their proposed article, in either Galician or English, by **14 May 2018** by email to the guest editors, including:

- Title of the article
- Author's name, affiliation, e-mail, postal address, telephone
- Proposal of 300 words
- Keywords
- Short biographical statement (approx. 100 words)
- Times New Roman, 12 pt, single space

The journal operates a blind submission policy and submitted articles may be read by up to three readers prior to publication decision. Processing time may take up to 5 months. *Galicia 21: Journal of Contemporary Galician Studies* is the copyright holder for all published material.

### **TIMELINE:**

- Deadline for submitting 300-word proposals: 14 May 2018
- Notifications of provisional acceptance of proposals will be sent by: 31 May 2018
- Deadline for submitting invited full articles: 30 November 2018
- Deadline for submitting final articles after peer-review: 31 May 2019
- Expected publication: December 2019

### **GUIDELINES FOR AUTHORS:**

- Articles will be 5-8000 words approximately.
- Articles will be written either in English or Galician (submissions both in the ILG-RAG and the AGAL written norm are accepted).
- Authors are requested to apply the guidelines in the style-sheet before submitting their article (see <http://www.galicia21journal.org/index.php?pag=style> for details).

### **CONTACT:**

Please email enquiries to the guest editors:

Olga Castro – [o.castro@aston.ac.uk](mailto:o.castro@aston.ac.uk)

Laura Linares – [laura.linares@ucc.ie](mailto:laura.linares@ucc.ie)

## CHAMADA A CONTRIBUCIÓNS

*Galicia 21. Journal of Contemporary Galician Studies*

<http://www.galicia21journal.org/>

**Número especial: “Transnational Encounters: Crossing Borders in Galician Translation and Interpreting Studies”**

### EDITORAS CONVIDADAS:

**Olga Castro**, Aston University, Birmingham, Reino Unido

**Laura Linares**, Coláiste na hOllscoile Corcaigh/University College Cork, Irlanda

### DESCRICIÓN:

*Galicia 21: Journal of Contemporary Galician Studies* é unha revista especializada en estudos galegos dispoñíbel en internet, cuxos contidos son revisados por especialistas externas. Entre os seus obxectivos principais está o de fornecer un foro crítico internacional para a disciplina, publicando contidos anovadores e de calidade. A revista promove o estudo de eidos e cuestións críticas que ata o de agora non teñen recibido atención sistemática nos estudos culturais galegos, como por exemplo as artes visuais e dixitais, os estudos de medios e comunicación, o cinema, a cultura de masas, teoría ou historia cultural. Ao tempo, a revista quere contribuír ao aprofundamento teórico e crítico arredor de conceptos clave para os estudos culturais galegos como a nación, a identidade, o poder, o xénero ou o espazo.

O poder da tradución e da interpretación como forzas mediadoras nos encontros transnacionais que se dan nun mundo cada vez máis interconectado vén sendo nos últimos anos unha temática recorrente en escritos académicos. No eido das linguas e culturas periféricas ou minorizadas, diferentes autoras e autores (Even-Zohar 1990, Cronin 1995) destacaron xa o seu potencial como espazo para o diálogo intercultural e tamén o papel que poden desempeñar na redefinición de ideas estáticas e homoxeneizadoras sobre as unidades culturais e as fronteiras nacionais (Gentzler 2008). Ao mesmo tempo, algúns dos debates máis recentes dentro da disciplina dos estudos galegos véñense centrando en explorar as negociacións entre o local e o global, así como no reposicionamento de Galiza no mundo (Hooper 2011, Romero 2011, Colmeiro 2017). Dentro do contexto galego, o próximo número especial de *Galicia21*, titulado provisionalmente “**Transnational Encounters: Crossing Borders in Galician Translation and Interpreting Studies**”, busca contribuír aos debates actuais sobre tradución e interpretación cun estudo sobre as formas nas que esta facilita que a cultura galega contemporánea cruce fronteiras nacionais e redefina a súa posición no mundo globalizado actual.

Facemos un chamamento a contribucións que promovan debates académicos interdisciplinarios e que abran rutas de diálogo sobre temas relacionados co impacto da tradución e da interpretación na representación cultural a través das fronteiras, co seu papel na redefinición das identidades nacionais e posnacionais, así como coa súa contribución ao establecemento de novas ideas sobre Galiza no mundo. As propostas de artigos centraranse na relación entre o galego e outras linguas/culturas tanto hexemónicas coma periféricas, e terán especial consideración aquelas que abrangan algúns dos eidos e temas menos traballados nos estudos galegos de tradución e interpretación (EGTI).

Algunhas das liñas de traballo propostas inclúen:

- Relacións de poder entre traducións no espazo galego
- Relacións de poder en entornos de interpretación no espazo galego
- O mercado da tradución literaria e a recepción en Galiza
- Autotradución e identidade en Galiza/en galego
- A industria da tradución e a interpretación en Galiza
- Tradución/Interpretación e xustiza social/lingüística
- Ideoloxía, hexemonía e resistencia nos EGTI
- Identidade e (in)visibilidade nos EGTI
- Visións poscoloniais e posnacionais nos EGTI
- Visións feministas e *queer* nos EGTI
- Tradución e ecocrítica nos EGTI
- Migracións e fronteiras nos EGTI
- Novos medios nos EGTI
- Lingua e planificación cultural nos EGTI
- Políticas lingüísticas: diglosia, bilingüismo e plurilingüismo nos EGTI

### **ENVÍO DE PROPOSTAS:**

Pídeselles a aquelas persoas interesadas que envíen un resumo detallado da súa proposta en galego (normativa ILG-RAG ou AGAL) ou en inglés, antes do **14 de maio de 2018** por correo electrónico ás editoras, no que se inclúa:

- Título do artigo
- Nome da autor/a, afiliación, correo-e, enderezo postal, teléfono
- Proposta de 300 palabras
- Palabras clave
- Pequeno resumo biográfico (100 palabras aproximadamente)
- Times New Roman, 12 pt, espazo único

A revista ten unha política de revisión anónima e cada artigo enviado pode ser lido por un máximo de tres expertas antes de decidiren a súa publicación. Este proceso pode levar ata cinco meses. *Galicia 21: Journal of Contemporary Galician Studies* ten o copyright para todo o material publicado.

### **DATAS IMPORTANTES:**

- Fin de recepción de propostas de 300 palabras: 14 maio 2018
- Notificación de aceptación provisional da proposta: 31 maio 2018
- Envío de artigos completos: 30 novembro 2018
- Envío de artigos definitivos despois da revisión por pares: 31 maio 2019
- Data prevista de publicación: Decembro 2019

### **INSTRUCCIÓNS PARA AUTORAS/ES:**

- Os artigos terán aproximadamente entre 5000 e 8000 palabras.
- Os artigos poderán estar escritos tanto en inglés como en galego (acéptanse traballos na normativa oficial ILG-RAG e na normativa AGAL).
- Prégaselles ás autoras/es que sigan a folla de estilo da revista á hora de redactar o seu artigo (véxase <http://www.galicia21journal.org/index.php?pag=style> para máis detalles).

### **CONTACTO:**

Para calquera dúbida, prégase contactar coas editoras convidadas:

Olga Castro – [o.castro@aston.ac.uk](mailto:o.castro@aston.ac.uk)

Laura Linares – [laura.linares@ucc.ie](mailto:laura.linares@ucc.ie)